



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Expediente núm. 2021/E001/000012

Ref.: IVCR

## DECRETO DA CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, INDUSTRIA E EMPREGO

### ANTECEDENTES DE FEITO

1. Este concello conta con unha orientadora laboral (persoal laboral indefinido non fixo, situación declarada así por sentenza xudicial) que se atopa de baixa por incapacidade laboral temporal (IT) e que se presume de longa duración; situación á que seguirán, con toda probabilidade, outras que implican reserva do posto de traballo durante varios meses.
2. O concello solicitou unha achega económica ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2021 (código do procedemento TR331A), que impón determinadas condicións na selección, relativos ás persoas aspirantes propostas para a contratación (obtención dunha puntuación mínima dentro dun baremo de méritos que establece a propia Orde).
3. Providencia de inicio do proceso selectivo ditada o 23/08/2021 polo alcalde en funcións ao abeiro do Decreto núm. 1323/2021, do 22 de xullo (BOP núm. 140, do 27/07/2021).
4. Proposta de bases reguladoras do proceso selectivo, subscrita pola alcaldesa en funcións en data 25/08/2021. As ditas bases establecen como sistema de selección o de concurso-oposición libre, con dous exercicios obrigatorios, o primeiro deles eliminatorio.
5. En data 25/08/2021 o técnico de administración xeral (TAX) encargado da tramitación do procedemento emitiu un informe xurídico favorable.
6. Pola súa vez, o interventor accidental evacuou o informe de fiscalización núm. 339/2021, do 25 de agosto, emitido en sentido favorable.
7. Mediante o Decreto 1424/2021, do 26 de agosto, da alcaldesa en funcións, acordouse convocar o proceso selectivo e aprobáronse as súas bases reguladoras.
8. O anuncio da convocatoria foi publicado no *Boletín Oficial* da Provincia da Coruña (BOP) núm. 163, do 27/08/2021. O prazo de presentación de solicitudes concluíu o 03/09/2021.
9. Mediante o Decreto núm. 1462/2021, do 6 de setembro, foi aprobada a relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, outorgando un prazo de cinco días hábiles para efectuar reclamacións ou emendar defectos. Esta resolución foi publicada no taboleiro electrónico municipal e na páxina web do concello.
11. A través do Decreto núm. 1521/2021, do 15 de setembro, aprobouse a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e das excluídas, designáronse as persoas integrantes do órgano de selección, fixouse o lugar, día e hora de constitución do tribunal e convocouse ao persoal aspirante á celebración do primeiro exercicio, consonte o disposto nas bases.
12. O tribunal, logo de celebrar as súas sesións os días 21 e 27 de setembro de 2021, efectuou



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Expediente núm. 2021/E001/000012

Ref.: IVCR

proposta de contratación a favor da aspirante que acadou a maior puntuación e propuxo a creación da lista de reserva coa outra aspirante que superou o proceso selectivo, tal e como establecen as basea sexta e sétima das que rexen a convocatoria.

13. En data 29/09/2021 (RE 4239) a Dirección Xeral de Formación e Colocación remite acta de baremación favorable ao currículo da persoa preseleccionada, segundo o baremo regulado na súa convocatoria de concesión de subvencións. Este requisito é imprescindible para poder formalizar o contrato.

14. A aspirante proposta para a contratación presentou a documentación requirida na base núm. 8 polo que procede a súa contratación.

15. Mediante Decreto núm. 1640/2021, do 1 de outubro, resolveuse contratar á aspirante proposta polo tribunal de selección, en sesión do 27/09/2021. Non obstante, na dita resolución omitiuse a aprobación da lista de reserva proposta polo tribunal na mesma sesión.

## FUNDAMENTOS LEGAIS

A atribución para ditar a presente resolución corresponde á Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL). Porén, tal competencia foi delegada na concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego a través do Decreto núm. 993/2019, do 24 de xuño (BOP núm. 121, do 28/06/2021).

Por todo iso, a través do presente Decreto, RESOLVO:

- 1) Deixar sen efecto o Decreto núm. 1640/2021, do 1 de outubro, por non incluír a aprobación da lista de reserva derivada deste proceso selectivo, en base á proposta efectuada polo tribunal de selección, en data 27/09/2021.
- 2) Contratar, en base á proposta de contratación, do 27/09/2021, efectuada polo tribunal de selección a favor da aspirante que acadou a maior puntuación no proceso selectivo, a :

**María del Pilar Bouza Naseiro**, con DNI **\*\*\*9690\*\***, como **orientadora laboral** do Concello das Pontes de García Rodríguez, con suxeición ás seguintes condicións:

- a) O contrato é laboral temporal na modalidade de **interinidade por substitución**, coa categoría de técnica de orientación laboral, a tempo completo.
  - b) A relación contractual extinguirase cando se reincorpore a orientadora laboral substituída.
  - c) A retribución é a que lle corresponde ao posto de traballo, excluído o concepto de antigüidade.
- 3) Subscribir o correspondente contrato e tramitar as preceptivas altas en nómina e na Seguridade Social.
  - 4) Aprobar a lista de reserva derivada do proceso selectivo, de conformidade coa proposta do tribunal de selección, de data 27/09/2021, co seguinte contido:



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Expediente núm. 2021/E001/000012

Ref.: IVCR

Aspirante	DNI	Fase de oposición	Fase de concurso	Puntuación total
Sequeiro Graña, Cristina	*** 7189 **	13,20 (5,20+8,00)	7,25	20,45

- 5) Publicar a dita lista de reserva no taboleiro de anuncios electrónico do concello e na páxina web municipal.
- 6) Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá a interesada interpor potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, contado a partir do seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificada a resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, a contar desde o día seguinte ao daquel no que se producise a desestimación presunta. Se o recurso de reposición foi resolto expresamente, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interposto ante o Xulgado correspondente do Contencioso-administrativo, efectuando o demandante a elección que lle permite o artigo 14, regra segunda, da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA).

Malia o anterior, poderá impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da LPACAP). Para tal efecto poderá interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-administrativo que corresponda, a teor da elección permitida a demandante polo artigo 14, regra segunda, da meritada LRXCA.

Así mesmo, a interesada poderá interpor calquera outro recurso que estime procedente ou conveniente.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura electrónica

A concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

Ana María Pena Purriños



# **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Expediente núm. 2021/E001/000012

Ref.: IVCR